

MARTES 19 e MÉRCORES 20 DE MAIO DE 2020!

4 ANOS

- FICHA 1: Conocimientos previos:

_Imos comezar o novo proxecto adicado á natureza da man de Candi! Que vedes nas imaxes? Identificades distintos paisaxes naturais? Describídeos, contade o que vedes e se algunha vez tiveches a sorte de velo en directo, porqué se forman, onde están, as cores que os compoñen, os animais que poden vivir en cada lugar...

Agora rodea unha paisaxe de AUGA e outra de TERRA, e pega un GOMET naquelas paisaxes que visitaches ou viches algunha vez. Para ampliar, intenta, coa axuda do teu familiar, ESCRIBIR O NOME DE CADA UN DELES. É no reverso debuxa aquel paisaxe que máis che guste.

PROPOSTA: selecciona unha paisaxe que che gustaría representar. Sobre unha base de cartón, que pintarás da cor que corresponda, fai con plastilina os diferentes elementos e pégaos creando a túa propia paisaxe! Pode ser en relieve, ou tamén debuxando o que prefirades e pegando a plastilina enriba. Quedará súper bonito e valeravos para xogar con eles e cos vosos xoguets preferidos! Deixámosvos algunhas ideas!





No seguinte enlace, hai actividades interactivas moi chulas explicando a paisaxe e as distintas clases que hai, botádelle unha ollada!

<http://cpperalta.educacion.navarra.es/ciclo1/cono-2/el-paisaje/>

- **FICHA 2: Grafomotricidad:**

Nesta actividade teredes que seguir o trazo, que forma ten? É redondo, redondo, redondo como dicimos na clase? Eu creo que si, pero, é un redondo sen final! Chámase espiral! A que vos recorda esta forma? Primeiro, REPASADE con lapis o trazo, e despois, con rotulador, pode ser de cores!

E agora conta, que ves nas fotos? Coñeces tódolos elementos que saen? Intenta identificalos e se podes, escribe o nome.

Seguramente, esta forma recórdate moitos obxectos, animais, cousiñas que tes visto, así que propoñemos FACER UN DEBUXO LIBRE partindo da ESPIRAL, aquí algún exemplos:





